

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE MARÍN PARA A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DUN APARCADOIRO DISUASORIO EXECUTADO NO TERMO MUNICIPAL DE MARÍN, NA CONTORNA DO NÚCLEO DE AMEAL, FINANCIADO POLO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA -NextGenerationEU”.

REUNIDOS

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona María Ramallo Vázquez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Marín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a letra b) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ten, entre as súas competencias exclusivas, as obras públicas que non teñas a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia, así como a do transporte por estrada non incorporado á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, ao abeiro dos apartados sete e oito do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril. Pola súa parte, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política



do Goberno galego en materia, entre outros aspectos, de mobilidade, ao abeiro do artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo. O Concello de Marín exerce como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as de tráfico, estacionamento e mobilidade, ao abeiro da letra g) do apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sustentable, que ten, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido, propónse a habilitación de aparcadoiros disuasorios na contorna metropolitana das principais cidades de Galicia, e desta forma contribuír á implantación nelas de zonas de baixas emisións, tal e como o esixe a Lei 7/2021, de 7 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética. A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024.

Cuarto. A Estratexia Galega de Mobilidade da Xunta de Galicia inclúe liñas de acción que se atopan, ademais, entre as que pretende financiar a Comisión Europea, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e, en desenvolvemento deste, o Goberno de España, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste contexto, a Xunta de Galicia inclúe como liñas obxectivo no seu Plan de Investimentos, intervencións destinadas a implantar e mellorar os sistemas de transporte que respondan ás necesidades sociais e económicas da sociedade, ao mesmo tempo que reduzan ao mínimo as repercusións negativas sobre a economía, a sociedade e o medio, e cuxo obxectivo estratéxico sexa fomentar o modelo de mobilidade sustentable que faga compatible a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación coa preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Quinto. O concello de Marín ten unha configuración urbana que facilita a implantación de políticas de mobilidade sostible para satisfacer as necesidades de mobilidade da súa cidadanía, con desprazamentos relativamente curtos en modos de transporte de mobilidade activa ou de



transporte público. Porén, necesita a habilitación de diferentes espazos que poidan actuar a modo de aparcadoiros disuasorios, para facer efectivo o transvase modal entre o vehículo automóbil privado e eses modos de mobilidade sostible.

Sexto. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a o abeiro da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, elaborou, aprobou, licitou e está a executar un proxecto para a implantación, entre outros, dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Marín, situado na ligazón do punto quilométrico (P.Q.) 10+000 da VG-4.4 coa estrada provincial EP-1202, próximo ao núcleo de Ameal, cunha capacidade de 81 prazas.

Sétimo. O concello de Marín considera que a execución do aparcadoiro disuasorio previsto suporá unha mellora da ordenación do espazo público do termo municipal que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía, permitindo un adecuado transvase modal entre o vehículo automóbil privado e os modos de transporte de mobilidade activa ou de transporte público, contribuíndo dese xeito á implantación dunha cultura da mobilidade sostible na cidade. Por tratarse dun aparcamento disuasorio en itinerario tipo carpool fomentará ademais o uso compartido de vehículos para viaxes pendulares e deste xeito contribuirá á implantación de zonas de baixas emisións.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS



PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Marín que permitan a transmisión da titularidade e a mellor explotación das obras executadas ao abeiro do proxecto para a habilitación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Marín, situado na ligazón do punto quilométrico (P.Q.) 10+000 da VG-4.4 coa estrada provincial EP-1202, próximo ao núcleo de Ameal, que está a ser promovido pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e que está a ser financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, a través do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEu” xestionado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

As obras executadas para a habilitación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Marín están recollidas no plano que figura como anexo nº1 a este convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume o compromiso de comunicarlle ao Concello de Marín a finalización e recepción das obras. A data desta comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo Concello de Marín na cláusula seguinte, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE MARÍN

O Concello de Marín comprométese a asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a titularidade do aparcadoiro disuasorio executado por esta no termo municipal de Marín no entorno do núcleo de Ameal (asociado á VG-4.4) e, polo tanto, a explotación, mantemento, conservación e demais dereitos e obrigas inherentes á súa condición de titular.

A continuación, o cambio de titularidade tramitarase ao abeiro do artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.



CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante do Concello de Marín para interpretar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das cláusulas do convenio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas e, supletoriamente, polos principios da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Dado que os fondos que financian as infraestruturas que son obxecto deste convenio proceden do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, toda referencia realizada á actuación obxecto do presente acordo en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuren no Manual de Imaxe do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que, no seu caso, se aprobe, ou no manual que, a tal efecto, sexa aprobado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. En todo caso, estarase á obriga establecida polo artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/2041: *Os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*

Sen prexuízo do anterior, deberá figurar en todo caso a referencia ao financiamento da actuación con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á súa xestión polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico que serve de base para realizar as obras.

En todo caso, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025



Así o outorgan, subscribindo de xeito electrónico o presente convenio.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

A alcaldesa do Concello de Marín

Diego Calvo Pouso

María Ramallo Vázquez



